



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES
RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA
Teléfono 881 867 853 / Fax 881 867 854
E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/>

CONSELLO ESCOLAR. ELECCIÓN DE REPRESENTANTES E NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

De acordo coa RESOLUCIÓN conxunta do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de elección ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

CENSO	Son electores/as todos os PAIS, NAIS OU, SE É O CASO, OS TITORES LEGAIS DO ALUMNADO matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As RECLAMACIÓNS ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 16 de novembro.
CANDIDATURAS	Son elixibles os PAIS e NAIS ou, se é o caso, os TITORES LEGAIS, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría ou poderase descargar na web do centro. As candidaturas poderán ser presentadas desde o 7 ao día 16 de Novembro (de 9.00 a 14.00 horas) .
MESA ELECTORAL	O sorteo da mesa electoral realizarase entre os membros do censo que non se presenten como candidatos, en ACTO PÚBLICO, o día 19 de novembro, ás 09.00 horas . Escolleranse 4 pais/nais e será o presidente desta mesa do director do centro.
CAMPAÑA ELECTORAL	A campaña electoral comprenderá desde o 17 ao 25 de novembro , ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estará a disposición dos/as candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 26 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
DEREITO A VOTO	Teñen dereito a voto o PAI e NAI ou, se é o caso, OU O TITOR LEGAL do alumnado.
PAPELETA E VOTO	Na papeleta de votación cada elector/a fará constar máximo UN NOME (art. 42 do Decreto 92/1988) dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
VOTACIÓN	As votacións realizaranse no centro o DÍA 27 DE NOVIEMBRE, de 17.00 a 20.00 horas . A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16.55 horas.
ESCRUTINIO	Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

Santiago de Compostela a 6 de novembro de 2018



Asdo.: Fernando Vieito Liñares
(Director do Centro)